


COMPOSTELA EN NEGRO




PROPOSTAS PARA PARTICIPAR NO MARCO DA CAMPAÑA

#COMPOSTELAENNEGRO

#EnNegroContraAsViolencias

#Galiciaennegro

EN NEGRO CONTRA A VIOLENCIA



O 17 de decembro de 1999 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas declarou o 25 de novembro como **Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres**, convidando a gobernos, organizacións internacionais e organizacións non gobernamentais a desenvolver actividades dirixidas a sensibilizar a poboación a respecto da situación de violencia na que viven moitas mulleres.

A violencia machista é a expresión máis extrema das desigualdades sociais que viven as mulleres. Un tipo de violencia que sofren as mulleres polo feito mesmo de selo, unha desigualdade silenciada, agochada e en moitos casos normalizada. Dende 2003 ata maio de 2017, o Instituto da Muller rexistrou 53 asasinatos machistas en Galicia, e 780 no Estado.

Estes datos fannos considerar que esta dramática realidade require dunha resposta unánime e firme de toda a sociedade, que poña de manifesto o rexeitamento social de todas as formas de violencia contra as mulleres.

Por isto, nunha experiencia inédita, **máis de cincuenta concellos galegos** unímonos nunha acción transmedia para incidir de xeito máis eficaz na sociedade, coa intención de cubrir de negro o mapa galego **do 23 ao 26 de novembro**.

Os establecementos comerciais, institucións e a cidadanía en xeral vestiremos de negro en sinal de dor por todas as mulleres que sofren violencia, e como resposta á máis dura das súas consecuencias, a morte... de María José, Virginia, Rosa, Sofía, Catalina, Ana Belén, Raquel... Por elas! Por todas!

Queremos vivir **libres de violencias machistas**.



1.

Habilitaranse 4 puntos para o reparto/recollida de material na cidade **do 16 ao 23 de novembro**, que atenderá voluntariado da USC e persoal específico. (Informaremos sobre os horarios)

Centro Sociocultural e Xuvenil Muncipal O Ensanche

(Rúa de Frei Rosendo Salvado, 16)

Centro Sociocultural de Fontiñas

(Rúa Berlin, 13)

Casa do Matadoiro

(Na praza do Matadoiro)


Casa das Mulleres Xohana Torres

(Rúa Bernardo de Barreiro, fronte o IES do Sar)

do 16
ao 23



CONTRA A
VIOLENCIA



ESPAZO
LIBRE DE
VIOLENCIAS
MACHISTAS

CONTRA A
VIOLENCIA



ESPAZO
LIBRE DE
VIOLENCIAS
MACHISTAS

EN NEGRO
CONTRA A
VIOLENCIA



2.

Dado que é o terceiro ano que impulsamos esta acción, agradeceríamósche que reutilizases os materiais de edicións pasadas para vestir de negro o teu escaparate, espazo público, posto do mercado, restaurante, hotel, comercio, biblioteca, librería, froitaría, tenda de roupa... **Esta acción concentrarase do 23 ao 26 de novembro.**

do 23
ao 26

Cubrir de negro comercios, espazos públicos, empresas, entidades, institucións...

Este ano consideramos, por un lado, a dificultade que conleva para os establecementos cambiar o escaparate e, pola outra, que o 24 de novembro é o *Black Friday*, por iso a proposta para os comercios é colocar carteis negros no escaparate co lema 'Antes, mentras e despois do Black Friday...' ou se preferides 'Espazo libre de violencias machistas'

Dependendo do tamaño dos escaparates se proponen diferentes tamaños.

Ven a recollelos ao punto de reparto!!!



3.

Queremos trasladar a campaña ao compromiso individual polo que cremos moi necesario implicar á veciñanza e aos fogares de Santiago na visibilización e denuncia das violencias machistas. **Viste a túa ventá, balcón, a fachada do teu edificio... de negro.** Prende roupa negra en sinal de dor, de rexeitamento e para sinalar os espazos libres de violencias machistas.

Recolle unha bandeira nos puntos de reparto, ou utiliza roupa negra, para poñer na ventá

do 23
ao 26



4.

Como ser un altofalante de #CompostelaEnNegro?


- Convida ao comercio veciño a sumarse á campaña, explica a acción na túa comunidade veciñal, no teu barrio, na túa entidade, na túa facultade, na túa biblioteca...
- Participa a través da web <http://ennegrocontraasviolencias.gal/> nos foros habilitados de Difusión e Ideas.
- Búscate no mapa da web <http://ennegrocontraasviolencias.gal/> e, se non estás, escríbenos para incluírte: compostela25n@gmail.com

Preguntas frecuentes

Entra no FORO e participa como portavoz...

Queres que o teu establecemento apareza no mapa? escríbenos a compostela25n@gmail.com

Queres descargar e imprimir o teu material?



5.

- Posiciónate contra as violencias machistas **nas redes sociais**, busca os nosos perfís e comparte a túa denuncia, foto, escaparate, balcón... usa os #hashtags (ou etiquetas) e recolleremos nun albúm na web www.ennegrocontraasviolencias.gal

#Galiciaen negro
#ContraAViolencia

- chíanos nas RR.SS
- comparte no teu medio de comunicación

Facebook: En negro contra as violencias

@ennegrocontraasviolencias

<https://www.facebook.com/ennegrocontraasviolencias/> e Compostela, Territorio das Mulleres

<https://www.facebook.com/territorioidasmulleres/?fref=ts>

Twitter: [contraasviolencias](https://twitter.com/ennegrocontraasviolencias) - [@galiciaen negro](https://twitter.com/galiciaen negro) - <https://twitter.com/galiciaen negro>

e [@CompostelaTM](https://twitter.com/CompostelaTM) <https://twitter.com/CompostelaTM>

Instagram: [ennegrocontraaviolencia](https://www.instagram.com/ennegrocontraaviolencia/) - <https://www.instagram.com/ennegrocontraaviolencia/>

